



# O noso compromiso coa auga é...



## Nivel

---

Infantil e primeiro ciclo de primaria.

## Distribución temporal

---

Unha sesión.

## Obxectivo

---

Favorecer accións e comportamentos para unha utilización sustentable da auga e valores de corresponsabilidade.

## Resumo

---

Decidir entre todos e todas accións cotiás de aforro, bo uso, etc, a respecto da auga, e realizar un mural - manifesto.





## Descrición:

---

Esta actividade ten sentido como continuación da actividade “Noaga, a auga e nós” e/ou “Xogamos coa auga”.

- **Inicio**

Comezaremos a actividade lembrando a importancia da auga, que pode acabarse (idea de recurso limitado), e a necesidade de aforrar auga, de utilizala correctamente... Que se actuamos así, a auga vai agradecérnolo moitísimo.

- **Chuvia de ideas**

Faremos entón unha chuvia de ideas en grupo sobre qué podemos facer para aforrar auga e utilizala correctamente: na escola, na casa, no xardín...

- ✓ Podemos facer no encerado un debuxo que simbolice a casa, a escola, o xardín... e iremos anotando debaixo de onde corresponder cada idea que sexa suxerida.

- **Decidimos**

Ao finalizarmos, escollemos entre todos e todas algunhas das accións que dixemos: esta decisión debemos realizala en consenso.

- ☛ Non tentedes escoller moitas accións, pois é mellor que sexan poucas, próximas e que se cumpran, que moitas e dispersas.

- **Mural - manifesto**

Coas accións escollidas por todos e todas, realizaremos un mural - manifesto onde colcaremos as accións que nos comprometemos a facer a partir de agora.

- ☛ Podedes facer un símbolo ou debuxo que resuma a acción e escribir debaixo o que simboliza.
- ☛ O mural debería ser deseñado pensando en que sexa un elemento semi-permanente na aula, durante como mínimo un trimestre. Desta forma, terédelo máis presente e poderedes utilizalo para ir revisando se realmente cumprimos os nosos compromisos coa auga.
- ☛ Podedes traballar o mural nos niveis plástico e creativo, facendo debuxos con relación á auga, etc.
- ☛ É interesante que deades a coñecer aos demais (aulas, escola, familias...) o que decidistes.

- **Revisión**

É moi importante que establezades momentos ao longo das seguintes semanas, de revisión dos compromisos, se se cumpren, se o facemos todos, se non se cumpren, cál é a causa, se podemos rectificar...



- Apuntade e recompilade datos de cando en vez para facer un acompañamento dos vosos compromisos.
- Aconsellámosvos unha revisión en grupo despois dun mes.

## **Orientacións**

---

Nesta actividade, é moi importante o proceso que levemos a termo cos nenos e coas nenas; trátase de conducir un proceso participativo e deixar que sexan as súas propostas as que evolucionen.

A finalidade será comprometérmonos a facer accións, non só a dicilas, e por iso será importante que as propostas xurdan deles mesmos, e das posibilidades próximas que teñan.

Para nos poder comprometer, fai falta decidir entre todos e todas e pórmonos de acordo, sentirmos que todos e todas somos importantes. Se as accións que tomamos son colectivas, estamos a educar na corresponsabilidade.